

25 Enero de 2016 - Revista 1057

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 3

BOLSAS E AXUDAS / 5

PREMIOS E CONCURSOS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 8

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 18

EN PORTADA

## Política Social destaca 'o valor engadido da experiencia laboral no estranxeiro' dos 26 mozos e mozas que realizarán prácticas en cinco países europeos no marco do proxecto DIGAL

Xoves, 21 Xaneiro 2016 16:18

- Os mozos realizarán prácticas laborais durante 60 días nos países da República Checa, Irlanda, Francia, Italia e Portugal no primeiro trimestre do 2016
- O proxecto DIGAL foi aprobado ao abeiro do programa Erasmus+ e conta para o 2015 e 2016 cun orzamento de 277.135 euros, que inclúe un total de 56 prazas para a realización de prácticas laborais durante 60 días en cinco países europeos



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, reuniuse hoxe cos **26 mozos e mozas** que participarán no segundo grupo de envío do proxecto 'Dinamizando Galicia' (DIGAL) e que realizarán prácticas laborais durante 60 días nos países da República Checa, Irlanda, Francia, Italia e Portugal no primeiro trimestre do 2016. O proxecto DIGAL está aprobado ao abeiro do programa Erasmus +, acción clave 1 (mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe).

Na súa intervención, Cecilia Vázquez sinalou que "a mobilidade, tanto nacional como europea, é un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro". Deste xeito salientou que "a experiencia laboral no estranxeiro aporta un valor engadido á formación dos mozos, a súa traxectoria profesional e pode proporcionarlle máis oportunidades de emprego".

A mocidade participante ten entre 18 e 30 anos, recen titulados en ciclos medios de formación profesional e nos cursos de formación ocupacional. As prácticas deste segundo grupo de envío terán lugar nos sectores agrícola forestal, hoteleiro, turístico, servizos básicos á comunidade (incluída á atención á dependencia e maiores), tecnolóxico e administrativo de base. En particular, os beneficiarios das axudas foron seleccionados entre o alumnado do último curso dos sectores sinalados dos centros que integran o consorcio xurdido deste proxecto.

O devandito consorcio, coordinado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, está formado por entidades educativas e por departamentos do goberno autonómico: **tres centros educativos** - o IES Lamas de Abade de Santiago, o IES A Pinguela de Monforte de Lemos e o IES Monte Castelo de Burela-; **Centro de Estudos Gastronómicos da Coruña**; os centros de formación agroforestal dependentes da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes (Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte de Lemos e Lourenzá); e os centros de formación ocupacional e de accións formativas de Bueu, Ferrol, Viveiro, Lugo, Ames, Negreira, Melide e Monforte e o Centro de novas tecnoloxías de Galicia.

### Proxecto DIGAL

O proxecto DIGAL conta cun orzamento de 277.135 euros para o 2015 e 2016, incluíndo un total de 56 prazas para as dúas anualidades (30 no 2015 e 26 para o 2016) para a realización de prácticas laborais non retribuídas durante 60 días en cinco países europeos: 15 en Portugal, 15 en Italia, 10 en Irlanda, 10 en República Checa e 6 en Francia. En decembro de 2015 finalizaron as súas prácticas ao abeiro desta iniciativa 30 mozos e mozas.

A bolsa cubre os gastos de aloxamento, curso de preparación cultural e lingüística, seguro de responsabilidade civil, unha axuda para os gastos da viaxe e para os gastos de manutención.

O proxecto Dinamizando Galicia ten por finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo.

Ademais de ampliar o currículo laboral dos participantes, estes programas facilitan mellorar as competencias idiomáticas, que se poida coñecer outra organización do traballo, detectar novos sectores empresariais para implantar en Galicia, así como novas posibilidades de internacionalización para empresas galegas.

## Política Social inicia a fase de formación dos equipos inscritos na nova edición de Parlamento Xove, a competición de debate na que participan os centros educativos galegos

Venres, 22 Xaneiro 2016 15:47

- Serán oito xornadas de formación que se levarán a cabo nas dependencias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en Santiago, no Complexo Residencial Xuvenil LUG en Lugo, na Delegación territorial da Xunta de Galicia na Coruña, na Casa do Deporte de Vigo e nos Espazos Xove de Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Chantada
- 48 equipos (24 por categoría) empregarán a oratoria para defender unha determinada posición acerca dun tema proposto pola organización
- Esta iniciativa está estruturada en dúas categorías diferenciadas por idades e tramo educativo: unha para alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza dende hoxe e ata o vindeiro **5 de febreiro** a fase de formación para os equipos inscritos na sétima edición de **Parlamento Xove**. En total, serán oito xornadas de formación que se levarán a cabo nas dependencias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en Santiago, no Complexo Residencial Xuvenil LUG en Lugo, na Delegación territorial da Xunta de Galicia na Coruña, na Casa do Deporte de Vigo e nos Espazos Xove de Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Chantada.

**Parlamento Xove** é unha competición de debate na que **48 equipos** (24 por categoría) de centros educativos galegos empregan a oratoria para defender unha determinada posición acerca dun tema proposto pola organización. Esta iniciativa está estruturada en dúas categorías diferenciadas por idades e tramo educativo: unha para alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato.

Os equipos formados por catro alumnos e un profesor investigarán e debaterán sobre o tema proposto, que na fase de clasificación será **'¿Determina o papel do profesor/a o futuro dos mozos e mozas?'**. O tema para a fase final será anunciado no portal web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* tras a finalización da fase clasificatoria. A dificultade da actividade está en que o sorteo da postura a adoptar por cada equipo en relación á cuestión formulada (a favor ou en contra) terá lugar só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico.

A finais do mes de febreiro e principios do mes de marzo terá lugar a fase clasificatoria para coñecer os **16 equipos** (8 por categoría) que debaterán na fase final que descenderá no mes de abril.

### Desenvolvemento de todas as competencias básicas

**Parlamento Xove**, como actividade na que participa alumnado e profesorado de centros educativos, contribúe ao desenvolvemento de practicamente todas as competencias básicas como a competencia lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita; e comprensión oral e escrita); a competencia matemática, xa que en todos os debates manexan datos e porcentaxes que avalan a súa argumentación; tratamento da información e competencia dixital; a competencia social e cidadá que contribúe á convivencia dado que o traballo realízase en equipo; a competencia cultural e artística dado que nos debates se esixe o emprego de figuras estilísticas e capacidade de retórica; e a competencia para aprender e iniciativa persoal.

## NOVAS FORMACION

## OUTROS CURSOS

### Xornalista por un día

Xoves, 21 Xaneiro 2016 07:37



Dentro das actividades de **LAV016** podedes participar en **Xornalista por un día**.

Impartido por *Rocío O valle, Esmeralda L. Castro e Moisés Álvarez*.

**Idade:** 12 a 16 anos.

**Duración:** 3 opcións:

*Sábado (8 horas)*

*Domingo (6 horas)*

*Sábado e domingo (14 horas)*

**Horario: Sábado 13 de febreiro:** de 10 a 14h e de 15:30 a 19:30 h.

**Domingo 14 de febreiro:** de 10 a 14h e de 15:30 a 19:30 h.

**N.º de prazos:** 15

### Inscripción gratuíta

Se che gusta contar o que pasa e como pasa, se che gusta escribir, preguntar, tuitear, fotografar, saber e divulgar, quizais queiras ser xornalista por un día. Propoñénche que formes parte do gabinete de comunicación do **LAV** con este obradoiro no que experimentarás de xeito práctico como se difunde un evento cultural.

Comezaran por explicaros un pouco de que vai isto de informar e comunicar e uns conceptos básicos sobre o **LAV** e os gabinetes de comunicación. Segundo as vosas preferencias, crearan varios equipos multidisciplinar nos que desenvolveredes de maneira práctica as diferentes tarefas de comunicación para que cadaquén asuma as facetas que máis lle gusten: redactar informacións, xestionar redes sociais, tirar fotografías, coordinar o equipo, contactar coa prensa....

Convertirédesvos no equipo de comunicación do **LAV** e, baixo a nosa supervisión, tomaredes o control da información que se difunde, interactuaredes coa organización, os estudantes e os profesores do **LAV** e crearedes medios propios para difundir o voso traballo.

Para que todo isto sexa viable, cada un ou unha de vós debe traer, na medida do posible, polo menos un destes dispositivos: ordenador portátil, smartphone, cámara de fotos... ou unha libreta!

Máis información en <http://www.senunpeso.org/>

### #Vedra2016

Xoves, 21 Xaneiro 2016 07:40



**#Vedra2Q16** é unha actividade dentro do programa de **LAV016**.

Impartido por *Roi Guitián e María Lobo (Gingko)* no concello de Vedra.

**Idade:** 12 a 16 anos.

**Duración:** 4 horas.

**Horario: Sábado 13 de febreiro:** de 10 a 14 h.

**N.º de prazas:** 15

**Inscripción gratuíta**

Estraños feitos acontecen na tranquila vila de **Vedra** durante a mañá do **13 de febreiro de 2016**. Todo semella igual que a noite anterior, se non fose porque se detectan estrañas presenzas, se observan inquietantes desaparicións e todo parece mudar de sitio, o que nos fai pensar que no ano 2016 nada é o que parece. Un grupo de rapaces atópanse no interior do **CPI de Vedra** e son as únicas testemuñas do que acontece, co que terán a responsabilidade de narrar os feitos vividos ao resto de terrícolas.

Os participantes terán que escribir, coa axuda dos seus móbiles, unha historia de guión imprevisible e resultados inesperados. Seguindo a estrutura en tres actos (presentación, nó e desenlace), construírán un relato **"transmedia"** coa axuda de tres aplicacións e do seu brillante maxín. Nas catro horas que dura a actividade, os rapaces experimentarán facendo trucos de **"maxia barata"** con Vine, recrearán o xénero da falsa noticia, xogarán cos efectos de audio e interpretarán breves pezas musicais coa axuda de **SmashDub**.

A actividade quere achegar á rapazada as formas creativas de utilizar os móbiles para facer trangalladas audiovisuais e, sobre todo, para contarlle ao resto do mundo os desconcertantes sucesos do 13F. A construción do relato poderá seguirse en tempo real en diferentes redes sociais baixo o **hashtag #Vedra2Q16**, e estará aberta á participación por estas canles do mundo enteiro e parte do estranxeiro.

**Máis información en** <http://www.senunpeso.org/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Oleiros

**Martes, 19 Xaneiro 2016 09:26**



A **Escola de Tempo Libre Abraio**, coa colaboración de **CEM, s.coop.galega**, organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Oleiros-A Coruña**.

**Lugar:** Santa Cruz. Oleiros. Rúa Neveda, 4.

**Data de inicio:** 12 de Febreiro de 2016.

**Data de finalización:** 30 de Abril de 2016.

**Modalidade:** Curso presencial.

**Duración:** Fase teóricas: 200h.  
Fase práctica: 150 horas.

**O horario establecido será:**

Venres de 16:00 a 21:00

Sábados de 09:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00,

Domingos de 09:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 (1 domingo ao mes)

**Máis información:**

<https://www.facebook.com/abraio.etl>

**Escola de Tempo Libre Abraio**  
Rúa Neveda, 4 Santa Cruz- Oleiros-A Coruña  
Teléfono: 680 337 658  
Email: [aseduc.galicia@gmail.com](mailto:aseduc.galicia@gmail.com)

## Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Outes

**Martes, 19 Xaneiro 2016 09:30**



A **Escola Rural de tempo libre** organiza un **curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Outes**.

**Datas:** do 12 de marzo ao 8 de maio (fins de semana).

**Lugar:** Casa da Cultura de Outes. Avda. de San Campio 1. 15230 Outes. A Coruña.

**Prezo:** 140 €

**Máis información na Escola de Rural de tempo libre**, teléfono 982 804 149 ou na **OMIX de Outes**, teléfono 981 842 406.

<http://www.escolaruraldetempolibre.org/>

## Curso intensivo de Director/a de actividades de tempo libre en Cospeito

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:07



A Escola de tempo libre Bulideira organiza un curso intensivo de Director/a de actividades de tempo libre en Cospeito.

O curso desenvolverase nun espazo de natureza habilitado para a realización de campamentos, no corazón da Terra Chá, comarca integrada na Reserva da Biosfera Terras do Miño, a 3 km de Feira do Monte (capital do concello), 11 km de Vilalba (capital da comarca) e 30 de Lugo (capital da provincia)

<http://www.garabullos.com/>

Lugar da Rega 23, Sistallo, Cospeito (Lugo).

**Datas:** do 19 ao 28 de marzo e o 2,3,8,9,10 e 16 de abril de 2016 de 9 a 14 e de 16 a 21.

### Inscricións:

Solicitar praza chamando ó teléfono da Escola de T.L. Bulideira (669 432 111, polas tardes) e dar os seus datos para a preinscrición: nome e apelidos, DNI, teléfono e enderezo electrónico ou enviar un correo electrónico a Escola: [etbulideira@gmail.com](mailto:etbulideira@gmail.com)

Máis información na Escola de tempo libre Bulideira, teléfono 669 432 111.

<http://www.bulideira.org/>

## Cursos de Monitor/a de actividades de tempo libre na Estrada e en Lalín

Luns, 25 Xaneiro 2016 12:17



A Escola de Tempo libre Coesco organiza dous cursos de Monitor/a de actividades de tempo libre na Estrada e en Lalín.

COESCO A Estrada. Rúa San Paio, nº 21. A Estrada.

**Data de inicio:** 22 de febreiro.

**Data de finalización:** 30 de marzo.

**Horario:** de luns a sábado de 9:00 a 15:00.

**Información:** 986 572 025. [aldebaran@coesco.com](mailto:aldebaran@coesco.com)

COESCO Lalín. Avenida Buenos Aires, nº 100. Lalín.

**Data de inicio:** 22 de febreiro.

**Data de finalización:** 30 de marzo.

**Horario:** de luns a venres de 16:00 a 22:00 e sábados de 9:00 a 15:00.

**Información:** 986 783 988. [aldebaran@coesco.com](mailto:aldebaran@coesco.com)

### BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

## Bolsas da Universidade de Vigo para inicio másteres oficiais 2015/2016

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:25

**Dende:** 21-01-2016.

**Ata:** 26-02-2016.

**Tipo de aviso:** Bolsas e axudas.

### Descrición

Publícase a resolución reitoral do 21 de xaneiro de 2016 pola que se convocan bolsas propias para o inicio de estudos en másteres oficiais no curso 2015/2016.

O prazo de presentación será dende o 22 de xaneiro ata o 26 de febreiro de 2016 (ambos inclusive).

Esta axuda poderá solicitarse no modelo oficial que estará dispoñible na secretaría virtual, dentro da opción "formularios e enquisas".

Enlace do aviso.

Web do/a Sección de Bolsas.

Información de contacto.

Sección de Bolsas.

Sección de Bolsas Edif. Xerencia Campus Universitario s/n 36310 Vigo Pontevedra.

email: [negociadodeinformacionbolsas@uvigo.es](mailto:negociadodeinformacionbolsas@uvigo.es)

Teléfono: 986813611.

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

## Practicas na UE

Martes, 19 Xaneiro 2016 14:15



Períodos de prácticas en **Instituciones UE** para estudantes y titulados universitarios.

**CONVOCATORIAS CON PRAZO DE INSCRIPCIÓN ABERTO.**

BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

## Programa Faro

Martes, 19 Xaneiro 2016 14:05

**Axudas para o fomento da mobilidade de estudantes de universidades españolas** mediante prácticas formativas en empresas de Europa, Estados Unidos, Canadá, Asia e Oceanía.



**Prazo de presentación:** desde o 29 abril 2015 ata o 31 decembro 2017.

**Máis información neste enlace: Programa Faro.**

## Axudas para realizar prácticas formativas en empresas en Europa, Estados Unidos, Canadá, Asia e Oceanía

Martes, 19 Xaneiro 2016 14:10



**Axudas a titulados universitarios** para realizar prácticas formativas en empresas ou entidades de ámbito internacional co obxectivo de mellorar o seu cualificación profesional, mellorar o nivel de idiomas estranxeiros e facilitar a internacionalización e inserción laboral posterior.

**Prazo de presentación:** desde o 21 novembro 2014 ata o 31 decembro 2016.

**Máis información neste enlace: Programa Argo.**

## Fundación Carolina

Martes, 19 Xaneiro 2016 14:18



O **Programa de Formación da FC** ten como obxectivos facilitar e promover a ampliación de estudos de licenciados universitarios así como a especialización e actualización de coñecementos de post-graduados, profesores, investigadores, artistas e profesionais procedentes dos países de América Latina membros da Comunidade Iberoamericana de Nacións e Portugal.

**Máis información neste enlace: FUNDACIÓN CAROLINA.**

BOLSAS E AXUDAS ▶ OUTRAS

## Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2016

Luns, 25 Xaneiro 2016 11:01



A Deputación da Coruña convoca a **programación da Rede Cultural para o ano 2016**.

Poderán participar nos programas as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia:

### CATEGORÍA NON PROFESIONAL:

#### XXXIII Programa de música e teatro para grupos non profesionais

**a) Música:** Bandas de música, Bandas de gaitas, Masas corais, Música clásica e contemporánea, Rondas ou orquestras, Música tradicional, Folk, Rock, Pop/Lixeira, Indie, Electrónica, Jazz, Blues, Soul, Funk, Hip hop e músicas urbanas, Músicas do mundo, Metal, Reggae, ska e mestizaxe, Música infantil, Charangas, Solistas, Outros.

**b) Compañías de Danza:** Danza tradicional galega, Danza contemporánea, Danza clásica, e Outros tipos de danza

**c) Teatro:** Teatro, Monicreques, Maxia e ilusionismo, Contacontos-Monólogos, Outros

**d) Circo e Acrobacias.**

**e) Outras actividades.**

### CATEGORÍA PROFESIONAL:

#### XXIX Ciclo de música para intérpretes profesionais:

Música clásica e contemporánea, Jazz, Folk, Rock, Blues, Tecno, Música tradicional e Músicas do mundo.

#### X Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades escénicas:

Danza clásica, Danza contemporánea, Danzas do mundo, Danza folclórica galega, Outros tipos de danza

#### XXVIII Programa de teatro e monicreques para compañías profesionais:

Teatro infantil e adulto, Monicreques, Maxia, Contacontos-Monólogos, circo e acrobacias.

### I Programa de cine:

as películas agruparanse nos seguintes xéneros:

Acción / Aventura, Ciencia ficción, Comedia, Debuxos animados/Animación, Documental, Drama, Fantasía, Histórico, Musical, Social, Suspense e Outros

### Para recibir actuacións:

**CONCELLOS:** Poderán solicitar actuacións tódolos concellos da provincia que queiran acollerse a esta convocatoria.

**ENTIDADES:** Poderán solicitar actuacións dos grupos incluídos na Rede Cultural as entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xurídicamente constituídas e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

Os grupos e intérpretes que desexen participar nesta convocatoria, deberán presentar a súa solicitude antes do **12 de febreiro de 2016**.

**Máis información no BOP da Coruña do 22 de xaneiro de 2016** e en [www.dicoruna.es/cultura/rede-cultural](http://www.dicoruna.es/cultura/rede-cultural)

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

## III Concurso Nacional de Fotografía Deportiva Félix Ordóñez 2016

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:30

A Deputación Provincial de Burgos, convoca este **Certame** para fomentar e difundir os valores humanos, sociais e competitivos do deporte.



Os **premios** según as categorías serán entre **800 e 200 euros**.

O **prazo** de presentación é ata o **22 de maio de 2016**.

**Máis información** [www.idj.burgos.es](http://www.idj.burgos.es)

**Tlf:** 947258650 ext. 2407.

## XXI Certame Internacional Deputación de Burgos, xóvenes cantautores

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:31

Dirixido a xóvenes entre **16 e 30 anos**. A dotación dos premios é entre **1.500 e 300 euros**.

Máis información [www.cantautoresburgos.com](http://www.cantautoresburgos.com), [cantautores@diputaciondeburgos.es](mailto:cantautores@diputaciondeburgos.es)

## Curso Aprende Alemán na Uned

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:33



**Curso deseñado para hispanohablantes**, (Curso Online Masivo en Abierto). O curso comeza o **26 de xaneiro**.

Non require coñecementos previos e está dirixido a estudantes.

Máis información <http://unedabierta.uned.es/wp/aleman-para-hispanohablantes/>

## 25º certame de narracións breves "Manuel Murguía"

Luns, 25 Xaneiro 2016 11:08

25º Certame de narracións breves

MANUEL MURGUIA

O **Concello de Arteixo** convoca o **25º certame de narracións breves "Manuel Murguía"**

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen cunha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos, en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos con letra arial, corpo 12 e tamaño DIN A4.
3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Xuntarase unha copia do texto nun CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado achegarase o título, o lema, o nome, o enderezo, o teléfono e o currículo do autor ou autora.

4. As obras deberán enviarse facendo constar no sobre "25º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía" antes do 1 de marzo de 2016 ao seguinte enderezo.

Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña

5. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000 €, un segundo de 500 € e un terceiro de 300 €, todos eles sometidos á correspondente retención. Os galardóns poden declararse desertos.

6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no **mes de maio de 2016**.

7. Os tres finalistas deberán estar presentes o día da entrega para recibir os premios.

Máis información no BOP da Coruña do 21 de febreiro de 2016 e en [www.artaixo.org](http://www.artaixo.org)

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

## Xuíz/a de paz substituto de Neda

Martes, 19 Xaneiro 2016 10:13

O **Concello de Neda** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de febreiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 19 de xaneiro de 2016.



## Xuíz/a de paz substituto da Capela

Martes, 19 Xaneiro 2016 10:14

O **Concello da Capela** fai unha unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de febreiro de 2016**.

**Máis información no BOP da Coruña do 19 de xaneiro de 2016.**

## Convocadas 2 prazas de policía local no Concello de Valencia del Ventoso (Badajoz)

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:39

As prazas son convocadas, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 19 de xaneiro de 2016.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 91 prazas de auxiliar administrativo no Banco de España

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:39

As prazas son convocadas polo sistema de oposición e de méritos.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de febreiro de 2016**.

**Máis información BOE do 19 de xaneiro de 2016.** [www.060.es](http://www.060.es)

## Convocadas 68 prazas de técnico no Banco de España

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:40

As prazas son convocadas polo sistema de oposición e de méritos.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **26 de xaneiro de 2016**.

**Máis información BOE do 19 de xaneiro de 2016.** [www.060.es](http://www.060.es)

## Convocada bolsa de Oficial 2ª administrativo na Fábrica Nacional de Moeda

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:42

Entre os requisitos exisidos está ter unha experiencia laboral de polo menos un ano. **As prazas son na provincia de Madrid.**

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **6 de febreiro de 2016**.

**Máis información Centro de Información Administrativa, publicado o 22 de xaneiro de 2016.** [www.060.es](http://www.060.es)

## Convocadas 27 prazas de Cociñeiros no Servizo Aragonés de Saúde

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:43

As prazas convocadas son **25 libres e 2 reservadas a discapacitados**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **22 de febreiro de 2016**.

**Máis información BOA do 21 de xaneiro de 2016.**

## Convocadas 12 prazas facultativo no Servizo Aragonés de Saúde

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:44

As prazas convocadas son de facultativo especialista en **Cirurxía ortopédica e traumatoloxía**.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **22 de febreiro de 2016**.

Máis información BOA do 21 de xaneiro de 2016.

## Convocada 1 praza temporal para licenciado ou graduado en química

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:44

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza (10,5 meses), como **colaborador en proxectos de investigación**.

O prazo de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **22 de xaneiro de 2015**. Máis información [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal para licenciado ou graduado en Bioloxía ou Enxeñaría Agrónoma

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:45

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza (4 meses), como **colaborador en proxectos de investigación**.

O prazo de presentación de solilcitudes é de **10 días** desde a publicación o **22 de xaneiro** na páxina, [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocatoria de xuíz de paz en Mos (Pontevedra)

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:46

O **Concello de Mos**, fai esta convocatoria de **Xuíz de Paz**, cun prazo de **15 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación o **22 de xaneiro de 2016**. [ww.udc.es](http://ww.udc.es)

## Convocatoria de xuíz de paz en Vilaboa (Pontevedra)

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:46

O **Concello de Mos**, fai esta convocatoria de **Xuíz de Paz**, cun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación o **21 de xaneiro de 2016**. [ww.udc.es](http://ww.udc.es)

## Convocadas 26 prazas de Técnico da Administración Xeral na Deputación Foral de Bizkaia

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:24

As prazas son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días hábiles**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 25 de xaneiro de 2016. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 32 prazas de Médico especialista en Aragón

Luns, 25 Xaneiro 2016 09:26

O **Servizo de Saúde de Aragón**, convoca estas oposicións para a provisión de carácter temporal de **prazas de Médico de Urgencia Hospitalaria**.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **15 de febreiro de 2016**.

Máis información BOA do 25 de xaneiro de 2016. [www.060.es](http://www.060.es)

## Bolsa de emprego na Pobra de Trives

Luns, 25 Xaneiro 2016 11:48

O **Concello da Pobra de Trives** está a elaborar unha bolsa de emprego nas seguintes categorías:

Auxiliar de axuda no fogar  
Chofer maquinaria  
Peón varredor  
Técnico/a de turismo  
Auxiliar de turismo  
Peón de servizos varios  
Tractorista  
Fontaneiro

Axente de dinamización  
Limpadoras/Limpadores

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **1 de febreiro de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 25 de xaneiro de 2016.

## Animador/a cultural par o Concello de Aranga

Luns, 25 Xaneiro 2016 11:49

O Concello de Aranga necesita contratar un/ha animador/a cultural.

O prazo para presentar solicitudes esrtará aberto ata o **2 de febreiro de 2106**.

Máis información no BOP da Coruña do 25 de xaneiro de 2016 e en [www.aranga.es](http://www.aranga.es)

## Persoal de axuda no fogar no Concello de Maceda

Luns, 25 Xaneiro 2016 11:53

O Concello da Maceda necesita contratar unha persoa para axuda no fogar.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 23 de xaneiro de 2016.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Telemarketer

Mercores, 20 Xaneiro 2016 07:14

Nº postos: 1

Localidade: Santiago

Tarefas a realizar:

- Comercialización telefónica dos produtos da entidade con especial prioridade á serie de produtos PS-Learning.
- Captación telefónica de novos clientes do produto PS-Learning.

Requisitos:

- Mínimo Enseñanza Secundaria Obligatoria, Formación Profesional ou equivalente.
- Experiencia previa en labor comercial en tele venta a empresas ou atención telefónica a clientes
- Manexo medio de Microsoft Office, Windows, Outlook, Exploradores e navegación en Internet e similares.
- Aptitude e Actitude comercial.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1661/telemarketer>

## Dependenta establecemento hostalería e outras

Mercores, 20 Xaneiro 2016 07:17

Dependenta establecemento hostalería.

Nº de postos: 1

Localidade: Santiago de Compostela

**Tarefas a desenvolver:** Atención ao público, tarefas de cociña e tarefas de limpeza.

**Requisitos:**

Experiencia en hostalería.

Disponibilidade para traballar a quendas (mañás de 8:30 a 16 h ou tardes de 15:30 a 22 h). Os fins de semán so quenda de mañán. Un día a semán libre.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1662/dependenta-establecemento-hostaleriaDependenta>

**Axte de cociña**

**Número de postos:** 1

**Localidad:** Santiago de Compostela

**Tareas a desenvolver:** As propias do posto

**Tipo de contrato:** temporal + indefinido

**Titulación académica:** Non é necesaria pero valorarásese

**Incorporación:** inmediata

**Salario:** según convenio

**Experiencia:** mínimo 1 ano de experiencia

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1664/axte-de-cocina>

**Camareiro/a**

**Número de postos:** 1

**Localidad:** Bertamiráns

**Tareas a desenvolver:** As propias do posto

**Tipo de contrato:** temporal + indefinido

**Titulación académica:** Non é necesaria pero valorarásese

**Incorporación:** inmediata

**Salario:** según convenio

**Experiencia:** mínimo 1 ano de experiencia

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1665/camareiroa>

**Camareiro/a (Sigüeiro)**

**Número de postos:** 1

**Localidad:** Sigüeiro

**Tareas a desenvolver:** As propias do posto

**Tipo de contrato:** temporal + indefinido

**Titulación académica:** Non é necesaria pero valorarásese

**Incorporación:** inmediata

**Salario:** según convenio

**Experiencia:** mínimo 1 ano de experiencia

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1668/camareiroa-sigüeiro>

## Administrativa/o parque eólico (europa)

Mercores, 20 Xaneiro 2016 07:18

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Europa

**Requisitos:**

- Mínimo Ciclo Formativo Superior en Administración, Grao ou Licenciatura
- Nivel alto de inglés.
- Experiencia de 1 ano mínimo
- Disponibilidade para desplazarse
- Amplo coñecemento do paquete Office

Incorporación inmediata.

**Tipo de contrato:** Temporal.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1663/administrativao-parque-eolico-europa>

## Técnico/a prevención riscos laborais sector eólico

Mercores, 20 Xaneiro 2016 07:19

**Nº de postos:** 1

**Requisitos:**

- Máster Prevención Riscos laborais
- Experiencia de 1 ano mínimo

- Nivel alto de inglés.
- Amplo coñecemento do paquete Office.
- Disponibilidade para desplazarse.

**Tipo de contrato:** Temporal + Indefinido.

Incorporación inmediata.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1666/tecnicoa-prevencion-riscos-laborais-sector-eolico>

## Docente de alfabetización adultos

Mercores, 20 Xaneiro 2016 07:19

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Milladoiro.

**Tarefas a desenvolver:** Alfabetización de adultos.

**Requisitos:**

- Licenciatura ou Grao.
- Precísase experiencia.

**Tipo de contrato:** Temporal do 15 de febreiro ao 7 de marzo de 2016.

**Horario:** Luns mércores e xoves de 10-13 h.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1667/docente-de-alfabetizacion-adultos>

## Dependente/a

Xoves, 21 Xaneiro 2016 08:21

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Ordes.

**Tarefas a desempeñar:** Venda especializada en prendas de cerimonia.

**Requisitos:**

Estudos de ESO mínimo.

5 anos de experiencia demostrable en posto similar.

Flexibilidade horaria

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1670/dependentea>

## Fontaneiro/a

Xoves, 21 Xaneiro 2016 08:21

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Sada (A Coruña).

**Requisitos:** Técnico de gas con carné de gas C ou superior.

Que saiba reparar averías multimarca de caldeiras.

**Experiencia mínima:** 2 anos.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1671/fontaneiroa>

## Frigorista

Xoves, 21 Xaneiro 2016 08:22

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Sada (A Coruña).

**Requisitos:** Carné de instalacións térmicas en edificios.

Coñecementos de instalacións e mantemento de aire acondicionado.

Valorarase carné de baixa tensión, dotes comerciais e empatía.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1672/frigorista>

## Dependenta /estilista

Xoves, 21 Xaneiro 2016 08:23

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Santiago de Compostela

**Requisitos:**

Coñecementos de costura e/ou patronaxe, maquinaria plana e remalladora.

Coñecementos de estilismo

Experiencia en tendas de traxes de noiva, ou sector luxo.

Incorporación inmediata

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1673/dependenta-estilista->

## Mecánico/a automoción

Xoves, 21 Xaneiro 2016 08:24

**Localidad:** Padrón

**Postos:** 1

**Tareas a desenvolver:** buscamos una persona que, en dependencia del responsable de taller, desempeñe las siguientes funciones:

1. Trabajos mecánicos de mantenimiento y reparación de : amortiguadores, frenos, escapes, rodamientos, correas, luces, baterías, filtros, lubricantes.
2. Montaje y reparación de neumáticos.

**Titulación académica:** no se necesita titulación académica, se valorará conocimientos en el sector de la automoción.

**Experiencia:** mínima 1 año en puesto similar.

**Otros requisitos:** informática a nivel usuario.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1674/mecanicoa-automocion>

## Persoal comercial A Coruña

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:41

Requírese FP Superior.

Nivel medio-alto de inglés.

Contrato temporal con posibilidad de incorporación á plantilla.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-galicia/a-corunna/1781516/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-galicia/a-corunna/1781516/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna)

## Promotor comercial Estrella Galicia (Ponferrada) León

Venres, 22 Xaneiro 2016 10:41

Requíreses unha experiencia comercial mínima de 2-3 anos.

Bacharelato Superior, manexo de ferramentas ofimáticas.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/promotor-a-comercial-ponferrada-estrella-galicia/leon/1895922/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=leon](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/promotor-a-comercial-ponferrada-estrella-galicia/leon/1895922/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=leon)

## Ofertas Servizo Público de Emprego 22/01/2016

Luns, 25 Xaneiro 2016 08:07

### Montadores de bobinas e motores

- Localidade: Bergondo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/14424
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: necesítase bobinador/a de motores eléctricos, oficial de primeira.

### Condutores-operadores de guindastre móbil

- Localidade: Ferrol (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/109
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: necesítase operador/a de guindastre con experiencia no manexo de guindastre liehber, pico-pato, para cargadora portuaria, reachstaker, retroportuaria e carretilla elevadora portuaria.

### Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Poio (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2016/243
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: cociñeiro/a oficial 1ª con formación, experiencia e con especialidade en cociña mexicana e chocolatería fina.

### Traballadores de gando vacún, en xeral

- Localidade: Nogueira de Ramuín (Ourense)
- Nº oferta: 12/2016/290
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: imprescindible saber montar da cabalo.

### Fisioterapeutas, en xeral

- Localidade: Pontedeume (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2016/291
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: precísase fisioterapeuta para cubrir posto vacante en Pontedeume. Horario de luns a venres (16:00-20:30 hrs).

### Formadores de formación ocupacional non regulada

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2016/303
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: titulación de técnico/a superior en xestión de vendas en espazos comerciais ou grao en comercio e marketing.

### Limpador/a de ventás

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2016/315
- Data: 22/01/2016
- Requisitos: limpador/a de cristais vertical en góndola.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

### Urxo Limpador/a en cociña

Luns, 25 Xaneiro 2016 08:12

Nº postos: 1

**Localidade:** Santiago

**Tarefas a realizar:**

- Limpador/a para Restaurante: lavavaixelas, limpeza do local...

**Requisitos:**

- Experiencia mínima 1 ano.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1680/urxe-limpadora-en-cocina>

### Administrativo/a obra

Luns, 25 Xaneiro 2016 08:13

Nº postos: 1

**Localidade:** Santiago

**Tarefas a realizar:**

- Facturación
- Xestión doc. Subcontratas e clientes.
- Apertura centros de traballo.

**Requisitos:**

- Ciclo superior de Administración e finanzas ou Licenciatura en Administración e Dirección de empresas
- Experiencia mínimo 5 anos.
- Carné de conducir.
- Valoraranse coñecementos en contabilidade, fiscalidade e manexo de ERP de xestión.



- Nivel alto paquete office.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1679/administrativoa-obra>

## Técnico/a frigorista

**Luns, 25 Xaneiro 2016 08:14**

**Nº postos:** 1

**Localidade:** Santiago.

**Tarefas a realizar:** propias do posto.

**Requisitos:**

- Ciclo Fp frío
- Con experiencia en frío comercial e climatización.
- Valoraranse coñecementos de electricidade.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1678/tecnicoa-frigorista>

## Carpinteiro instalador

**Luns, 25 Xaneiro 2016 08:14**

**Nº de postos:** 1

**Localidade:** Local e internacional.

**Tarefas a desenvolver:** Instalacións e montaxes de carpintería de madeira en locais comerciais e grandes superficies.

**Requisitos:**

- Titulación non requerida.
- Experiencia como carpinteiro e/ou instalador.
- Disponibilidade para viaxar en ámbito internacional.
- Persoa responsable.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1677/carpinteiro-instalador>

## Comercial sector automoción A Coruña

**Luns, 25 Xaneiro 2016 09:26**

Seleccionase comercial para concesionario de A Coruña.

Requírese bacharelato, experiencia en puesto similar.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-sector-automocion-a-corunna/a-corunna/1891555/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-sector-automocion-a-corunna/a-corunna/1891555/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna)

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX **OMIX**

## Viaxe a Leitariegos dende Mos

Luns, 25 Xaneiro 2016 06:56



A **OMIX de Mos** organiza **unha viaxe á neve a Leitariegos** ós días **19, 20 e 21 de febreiro**.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos (preferencia á Xuventude)

**Catro modalidades:**

**Modalidade A:** Curso esquí, aluguer de equipos, viaxe, pensión completa: 142.50€

**Modalidade B:** Aluguer equipos, viaxe, pensión completa: 131.50€

**Modalidade C:** Viaxe e pensión completa: 109.50€

**Modalidade D:** Aluguer equipo Snowboard, viaxe e pensión completa: 156.50€

**Prazo de inscrición do 18 de xaneiro ó 11 de febreiro.**

Máis información na **OMIX de Mos:** 986 339 404 ou [omix@concellomos.es](mailto:omix@concellomos.es)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net